

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA REALIZADA POLO CONCELLO PLENO EN DATA 31 DE MAIO DE 2012

No salón de sesións da Casa Consistorial do Concello de Fene (A Coruña), sendo as 10:08 horas do día 31 de maio de 2012, baixo a presidencia do sr. alcalde-presidente don Gumersindo Pedro Galego Feal, reúnese, en primeira convocatoria, o Pleno do Concello ao obxecto de celebrar sesión extraordinaria convocada para o día da data.

Asistiron os/as concelleiros/as:

Dona Rocío Aurora Bertoa Puente, don Alejandro Dopico Rodríguez, don Juan José Franco Casal, dona Juana Barro Couto, don José Andrés Serantes Panceiras, don Iván Puentes Rivera, don Antón Lois Noceda Carballo, dona Amalia García Balado, dona María Carmen Silvar Canosa, don Juventino José Trigo Rey, dona Rita María Couto Seijido, don Manuel Polo Gundín, dona Inés Roca Requeijo, don Justo Martínez Ardá e dona María Carmen Martínez Rodríguez.

Non asistiu o concelleiro don José Antonio López Rodríguez.

Secretaria:

Dona Estefanía Manteiga Lamas.

Interventora:

Dona Marta Roca Naveira.

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 90.1 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, declara aberta a sesión, e procédese ao estudo e exame dos asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

Antes de dar comezo á orde do día, intervén o alcalde para anunciar que no día de onte foi recibida unha comunicación verbal da Deputación Provincial da Coruña, adiantando a que se recibirá por escrito, na que dan conta de que debido á Lei de estabilidade orzamentaria non se poderán prorrogar máis os Plans Provinciais, é dicir, que todas as obras pendentes de executar deberán estar executadas antes do día 1 de novembro deste ano, de forma que, en caso contrario, se perderá a subvención da Deputación, os fondos pasarán ao remanente e logo a cancelar débeda da propia Deputación, polo que a aprobación dos orzamentos implicaría a continuidade deses plans de obras e servizos e o seu rexeitamento invitaría á perda desas cantidades.

1. Aprobación, se procede, do expediente de aprobación do orzamento municipal e o cadro de persoal para o exercicio 2012.

Consta no expediente o orzamento confeccionado, xunto co seu informe de intervención, que consta de 264 folios e o seguinte ditame favorable da Comisión Informativa de Facenda, Promoción Económica, Formación e Emprego por 3 votos a favor do grupo municipal do PP, 2 abstencións, 1 do grupo municipal do PSOE e outra do grupo municipal mixto e 2 votos en contra do grupo municipal do BNG:

<< Visto o Informe de Intervención de data de 23 de maio de 2012, relativo a aprobación inicial do orzamento de 2012 e cadro do personal para o exercicio de 2012 que transcrito literalmente di:

"INFORME DE INTERVENCION

ASUNTO.- PROXECTO DE ORZAMENTOS DO CONCELLO DE FENE PARA O EXERCICIO 2012.

Normativa reguladora: art. 168 RDL 2/2004, de 5 de marzo.

LEXISLACIÓN APLICABLE

A) Lexislación de Réxime Local.

LRBRL: Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora de las Bases del Régimen Local, Artigos 90 e 112.

LHL: Lei Reguladora de las Haciendas Locales, texto refundido aprobado por RDL 2/2004, de 5 de marzo, Artigos 162 a 193.

. Real Decreto 861/1986, de 25 de abril, polo que se establece o Régimen de las retribuciones de los funcionarios de Administración Local.

. RDP: Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, polo que se desenrola o Capítulo Primeiro do Título Sexto da Ley Reguladora de las Haciendas Locales.

B) Lexislación Estatal

- . Real Decreto -Lei 20/2011, de 30 de decembro, de medidas urxentes en materia presupostaria, tributaria e financeira para a corrección do déficit público.*
- Estatuto Básico do Empregado Público.*
- . TLGP: Ley 47/2003, de 26 de novembro, General Presupuestaria.*
- . LGEP: Ley General de Estabilidad Presupuestaria, texto refundido aprobado por RDL 2/2007, de 28 de diciembre.*
- . RLGP: Reglamento de desarrollo de la Ley de Estabilidad Presupuestaria, en su aplicación a las entidades locales, aprobado por RD 1463/2007, de 2 de noviembre.*
- LO 2/2012, de 27 abril, de Estabilidade Presupostaria e Sostenibilidade Financieira.*

C) Lexislación Autonómica

- . LSCM: Ley 9/2002, do Solo da Comunidade de Galicia.*
- Decreto Legislativo 1/2008, de 13 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de función pública de Galicia*
- LALG, Lei 5/1997, de 22 de xullo, da Administración Local de Galicia*

O expediente examinado por esta Intervención, axústase á lexislación citada coas observacións que se desenrolan nos seus apartados específicos.

ANALISIS DO CONTIDO DO PRESUPOSTO.

Integran o Presuposto Xeral desta entidade os seguintes Presupostos e estados:

a) O Presuposto do Concello de Fene ascende a 9.844.058,20 € en gastos e ingresos. Cúmrese polo tanto a esixencia legal contida no artigo 165.4 do TRLRHL que cada un dos presupostos que se integran no xeral, deberá aprobarse sin déficit inicial.

No que se refire á documentación presupostaria, o Art. 168.1 da LHL e o Art. 18 do RDP establecen que deben ter o seguinte contido:

- a) Memoria explicativa do contido do Presuposto e das principais modificacións que presenta en relación con vixente.*
- b) Liquidación do presuposto do exercicio anterior e avance da do corrente, referida, ó menos, a seis meses.*
- c) Anexo de personal.*
- d) Anexo de inversións a realizar no exercicio.*
- e) Informe Económico - Financiero no que se expoñan ls bases utilizadas para a avaliación dos ingresos e das operacións de crédito previstas, a suficiencia dos créditos para atender ó cumprimento das obrigas esixibles e ós gastos de funcionamento dos servizos e, en consecuencia, a efectiva nivelación do Presuposto.*

O presuposto contén toda a documentación esixida pola normativa antes citada.

COMPETENCIA, QUÓRUM E PROCEDIMENTO DE ELABORACIÓN E APROBACIÓN

O órgano competente para a aprobación do presuposto é o Pleno da Corporación, por maioría simple.

ANÁLISE

Respecto ó procedemento de aprobación, haberán de seguirse as seguintes actuacións: Unha vez aprobado inicialmente, exporase ó público por prazo de 15 días hábiles, mediante anuncio no Boletín oficial da Provincia. Resolución de tódalas reclamacións presentadas, dispoñendo o Pleno do prazo dun mes para resolvelas, e aprobación definitiva do Presuposto, a cal non será necesaria se durante o período de exposición ó público non se houberan formulado alegacións Unha vez aprobado definitivamente, publicarase no BOP un resumo por capítulos de cada un dos presupostos que integran o xeral, e se remitirá copia do mesmo á Administración do Estado e á autonómica.

Respecto ó prazo, o expediente preséntase fóra do prazo establecido no TRLRFL e RD 500/90 (art. 18.4).

1. ANÁLISE DO CONTIDO DO PRESUPOSTO DO CONCELLO DE FENE

A continuación vamos a tratar o cumprimento da diversa normativa que condiciona a aprobación do Presupuesto:

A) Nivelación e equilibrio.

Sendo o montante do Proxecto de Presupuesto do Concello para o ano 2011 de 9.844.058,20 euros en ingresos e 9.844.058,20 € en gastos, o mesmo respeta, formalmente, a prohibición de déficit inicial esixida no Art. 16.1 del RDP.

O Presupuesto tamén se atopa nivelado en atención ás afeccións legais existentes para algúns ingresos (de tal sorte que os investimentos se financian con operacións de capital, e os ingresos de natureza corrente se destinan a financiar gastos de igual natureza) según se desprende do informe económico financeiro: os ingresos derivados da actividade corrente do Concello ascenderán a 9.588.274,79 € e os gastos de igual natureza (incluíndo amortizacións de préstamos a largo prazo) a 9.256.715,94 €, financiándose incluso operacións de capital con ingresos correntes.

Con independencia de que o presupuesto municipal se presenta sin déficit; o que se debe de cumprir é que ademais non presenta ningunha desviación nos ingresos con financiación afectada; ou dito de outra maneira que os gastos correntes non se financien con ingresos afectados a capital. O cadro seguinte demostra que se cumpre a regra citada:

Resumen gastos capital (excepto cap.8)	Financiación dos gastos de capital (excepto cap.8)
Cap. 6 (Invers) .- 537.342,26 €	Ingresos afectados.- 205.783,41 €
Cap. 7 (Transfer.cap).- 0,00 €	Fondos propios.- 962.137,93 €
Cap.9 (Amort.prest).- 630.579,08 €	
TOTAL.- 1.167.921,34 €	TOTAL.- 1.167.921,34 €

Non se inclúen no cadro os gastos do capítulo 8º de activos financeiros, xa que se financian na súa totalidade cos ingresos do capítulo 8º .

B) Estructura Presupostaria

A estrutura presupostaria adoptada polo Proxecto de Presupuesto obxeto deste informe axústase á Orde do Ministerio de Economía y Hacienda, ORDEN EHA/3565/2008, de 3 de diciembre, dictada en cumprimento do disposto no Art. 167 da LHL.

A citada Orden Ministerial estableceu a estrutura dos Presupostos Locales atendendo ós seguintes criterios básicos:

a) Respecto ó Estado de Gastos, os créditos se clasifican obrigatoriamente por programas e por categorías económicas, sendo opcional a clasificación por unidades orgánicas.

A clasificación de programas desenrolarase, como mínimo, no nivel de grupo de programas (3 díxitos), en tanto que a económica, deberá desenrolarse en conceptos (3 díxitos). Ambas clasificacións son abertas; polo que poderán crearse programas e conceptos atípicos distintos dos contidos na Orden de referencia.

b) Respecto ó Estado de Ingresos, as previsións clasificaranse atendendo á súa propia natureza, podendo, á súa vez, crear aqueles conceptos (3 díxitos) ou subconceptos (4 ó 5 díxitos) que se consideren necesarios por non figurar na estrutura da Orde.

A estrutura do proxecto de presupuesto axústase á Orde Ministerial de 2008, se ben, fíxose uso do seu carácter aberto desagregando algúns conceptos, sin que proceda realizar obxeción algunha ós criterios utilizados.

C) Gastos de Personal

Do análise dos datos do Concello se extrae que o Capítulo I da clasificación económica, "Gastos de Personal", cífrase no Proxecto de Presupuesto en 4.278.346,68 euros, o que supón un decremento, respecto ós créditos iniciais do Presupuesto para 2011 de 83.772,92 euros e elo debido a que neste exercicio 2012 mantense (nos termos establecidos polo RDLei 20/2011, 30 decembro) a conxelación salarial nos termos aprobados pola Lei de Orzamentos Xerais do Estado de 2011, pero

cómpre indicar que tampouco son homoxéneos os períodos de comparación tendo en conta, fundamentalmente, a previsión de amortización de diversas prazas así como á importante limitación fixada polo RDLei 20/2011 en canto á provisión temporal ou interina de postos de traballo.

O Capítulo I, Gastos de Personal, representa o 49,59% dos gastos correntes e o 43,46 % do gasto total orzamentado.

Polo que se refire ás consignacións suficientes e adecuadas para satisfacer as obrigas derivadas do dito capítulo, os cálculos realizados cumpren co sinalado no Real Decreto Lei 20/2011, de 30 de decembro (art. 2.2. En el año 2012, las retribuciones del personal al servicio del sector público no podrán experimentar ningún incremento respecto a las vigentes a 31 de diciembre de 2011, en términos de homogeneidad para los dos períodos de la comparación, tanto por lo que respecta a efectivos de personal como a la antigüedad del mismo.

En consecuencia, a partir del 1 de enero de 2012, no experimentarán ningún incremento las cuantías de las retribuciones y de la masa salarial, en su caso, establecidas en la Ley 39/2010, de 22 de diciembre, de Presupuestos Generales del Estado para el año 2011.”

As limitacións ó crecemento das retribucións dos funcionarios e da masa salarial do personal laboral imposta polo RDLei 20/2011, non afectan en canto ás retribucións dos funcionarios ás "adequacións retributivas que, con carácter singular y excepcional, resulten imprescindibles por el contenido de los puestos de trabajo, por la variación del número de efectivos asignados a cada programa o por el grado de consecución de los objetivos fijados al mismo", e tampouco afecta ás se produzan por maior antigüedade do personal.

Na Plantilla presupostaria que figura no expediente debe de respetarse o disposto polo Art. 92.2 da LRBRL, que sinala:

"Son funciones públicas, cuyo cumplimiento queda reservado exclusivamente a personal sujeto al Estatuto funcional, las que impliquen ejercicio de autoridad, (...) y, en general, aquellas que, en desarrollo de la presente Ley, se reserven a los funcionarios para la mejor garantía de la objetividad, imparcialidad e independencia en el ejercicio de la función".

En aplicación da doutrina emanada do noso Tribunal Constitucional, o Art. 15.1.c) da Lei 30/1984, de 2 de agosto, de Reforma de la Función Pública, na redacción dada conforme á Lei 23/1988, de 28 de julio (EC 1656/88), dispuxo que:

c) Con carácter general, los puestos de trabajo de la Administración (...) serán desempeñados por funcionarios públicos.

Se exceptúa la regla anterior y podrán desempeñarse por personal laboral:

- Los puestos de naturaleza no permanente y aquéllos cuyas actividades se dirijan a satisfacer necesidades de carácter periódico y discontinuo;

- los puestos cuyas actividades sean propias de oficio, así como los de vigilancia, custodia, porteo y otros análogos;

- los puestos de carácter instrumental correspondientes a las áreas de mantenimiento y conservación de edificios, equipos e instalaciones, artes gráficas, encuestas, protección civil y comunicación social, así como los puestos de las áreas de expresión artística y los vinculados directamente a su desarrollo, servicios sociales y protección de menores; - los puestos correspondientes a áreas de actividades que requieran conocimientos técnicos especializados cuando no existan Cuerpos o Escalas de funcionarios cuyos miembros tengan la preparación específica necesaria para su desempeño; y

- los puestos de trabajo en el extranjero con funciones administrativas de trámite y colaboración y auxiliares que comporten manejo de máquinas, archivos y similares.

Asimismo, los Organismos Públicos de Investigación podrán contratar personal laboral en los términos previstos en el artículo 17 de la Ley 13/1986, de 14 de abril, de Fomento y Coordinación General de la Investigación Científica y Técnica".

Este artigo non foi derogado polo Estatuto do Empregado Público.

A Plantilla que se propón deberá publicarse no BOP (Art. 127 do TRLRL).

En relación coa plantilla cuxa aprobación se somete a consideración, esta Intervención considera necesario advertir o seguinte:

1.- Polo que respecta á plantilla de funcionarios de carreira, sinalar que unha das prazas a amortizar é a praza de técnico de prevención de riscos laborais Seguridade e saúde. Lembrar que previamente, procedeuse polo órgano competente á revogación da comisión de servizos irregular que existía en dita praza, cuestión esta xa advertida de modo reiterado pola Intervención e Secretaría en informes nos que se poñía de manifesto a necesidade de procecer á adecuación da situación á legalidade poñen fin á mesma.

Paralelamente, á revogación da comisión de servizos á que se fixo referencia procedeuse á revogación doutra comisión concedida a outro funcionario de carreira que se atopaba en comisión de servizos nun posto de conserxe, comisión que tampouco se axustaba á normativa vixente.

Ademais do anterior, na plantilla que se somete a aprobación xunto co proxecto de orzamentos, procédese á amortización de dúas prazas que foran incluídas na Oferta de emprego público do exercicio 2008: unha praza de policía e outra de peón. En relación con estas dúas prazas, cómpre indicar que unicamente está provisionada neste ano de modo interino a praza de peón tralo proceso selectivo no que só se procedeu á cobertura definitiva de dúas das tres prazas ofertadas de peón.

En relación con ámbalas prazas, a xuízo da que suscribe, resulta procedente a súa amortización todo elo na medida en que o propio artigo 70.1 EBEP que dispón que "En todo caso, la ejecución de la oferta de empleo público o instrumento similar deberá desarrollarse dentro del plazo improrrogable de tres años.", tendo en conta o anterior, resulta que a día de hoxe o prazo marcado polo EBEP atópase sobrepasado, e polo tanto, a oferta de emprego público do ano 2008 estaría caducada, polo que non resultaría axustado a dereito proceder a iniciar os trámites para executar esta oferta de emprego público.

Ademais do anterior, débese ter en conta o disposto no artigo 3 do RDLei 20/2011, cuxos apartados 1 e 2 -de carácter básico- establecen que: "Uno. A lo largo del ejercicio 2012 no se procederá a la incorporación de nuevo personal, salvo la que pueda derivarse de la ejecución de procesos selectivos correspondientes a Ofertas de Empleo Público de ejercicios anteriores o de plazas de militares de Tropa y Marinería necesarios para alcanzar los efectivos fijados en la disposición adicional décima Ley 39/2010, de 22 de diciembre, de Presupuestos Generales del Estado para el año 2011.

Esta limitación alcanza a las plazas incursas en los procesos de consolidación de empleo previstos en la disposición transitoria cuarta del Estatuto Básico del Empleado Público.

Dos. Durante el año 2012 no se procederá a la contratación de personal temporal, ni al nombramiento de personal estatutario temporal o de funcionarios interinos salvo en casos excepcionales y para cubrir necesidades urgentes e inaplazables que se restringirán a los sectores, funciones y categorías profesionales que se consideren prioritarios o que afecten al funcionamiento de los servicios públicos esenciales."

O artigo 3.5 establece determinadas excepcións á regra xeral de conxelación da oferta de emprego público (nos que a taxa de reposición se fixa no 10%), sen embargo, a diferenza do que sí ocorreu noutras ocasións, entre estas excepcións non se inclúe á Policía Local, polo que tales excepcións non son de aplicación á Administración local.

En consecuencia co anterior, non podería procederse neste exercicio á incorporación destas prazas na oferta de emprego público do 2012.

Igualmente, prodúcese a amortización de dúas prazas que quedaron vacantes en exercicios anteriores por xubilación dos titulares, en concreto, unha praza de encargado de obras e outra de oficial electricista. Nestes casos, e sen perxuízo das razóns de eficacia e racionalidade do gasto público que poderían xustificar tales amortizacións, ó igual que nos supostos anteriores, non sería posible incluír as mesmas na oferta de emprego público deste exercicio, e ademais, débese lembrar en todo caso, as limitacións establecidas polo propio artigo 3.2 RDL20/2011 en canto ó nomeamento de funcionarios interinos durante este exercicio en prazas que se atopan vacantes.

Por outra banda, cómpre lembrar que foi nomeado un funcionario interino no ano 2009, na que o proceso da cobertura interina se realizou "ata que desaparezan as causas que motivaron a presente selección (acumulación de tarefas ou creación da citada praza)." Tal e como figura na resolución da ALcaldía nº 704/2009 de 09/09/2009.

En relación co anterior, recordar que o artigo 10 do EBEP establece que:

"1. Son funcionarios interinos los que, por razones expresamente justificadas de necesidad y urgencia, son nombrados como tales para el desempeño de funciones propias de funcionarios de carrera, cuando se dé alguna de las siguientes circunstancias:

- La existencia de plazas vacantes cuando no sea posible su cobertura por funcionarios de carrera.
- La sustitución transitoria de los titulares.
- La ejecución de programas de carácter temporal.
- El exceso o acumulación de tareas por plazo máximo de seis meses, dentro de un periodo de doce meses"

Tendo en conta os supostos que enuncia o citado artigo para proceder ó nomenamento interino, no caso presente, o nomeamento motivábase en dúas causas das enumeradas no art. 10.1 EBEP: acumulación de tarefas e existencia de prazas vacantes. A xuízo da informante, as causas do artigo 10.1 non son causas non acumulativas, polo que a selección deste personal infrinxe a legalidade vixente debendo a Corporación revisar de oficio o citado acto ó estar incurso nun suposto de nulidade (contido imposible por non existir praza vacante na plantilla, art. 62 LRXPAC) e proceder a regularizar esta situación creando a praza na plantilla e incluíndoa na oferta de emprego público.

2.- Polo que respecta ao persoal laboral temporal relacionado na plantilla , e coas limitacións que se derivan do feito de que por insuficiencia de medios persoais con que conta esta Intervención non resulta posible realizar un exame exahustivo de todos e cada un dos contratos de traballo subscritos con tódolos traballadores, non obstante, cómpre sinalar o seguinte:

En primeiro termo, e tal e como se veu advertindo pola Secretaría e Intervención en diversos informes, detentáronse varias irregularidades na contratación e prórrogas de dito persoal. En este sentido, é de advertir que a utilización de fórmulas contractuais , tales como contratos para obra ou servizo determinado, sen que, en moitos dos casos analizados do obxecto dos contratos se desprenda que a/o mesma/o teña autonomía ou substantividade propia dentro da actividade normal do Concello , o que supón unha infracción da normativa reguladora destes tipos de contratos , e en algúns casos- dado que moitos traballadores, ben dende un primeiro momento , ou ben como consecuencia de diversos contratos sucesivos continúan desempeñando o mesmo posto de traballo desde a súa contratación e desde hai varios anos- en algúns casos moitos- evidencia que poden responder a necesidades permanentes, polo que baixo esa modalidade contractual pode estarse a encubrir unha contratación indefinida, prohibida expresamente polo artigo 10.4 do Real decreto legislativo 1/2008, de 13 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da lei da función pública de Galicia.

Por outra banda, agás algunha excepción, na maior parte dos casos examinados, os contratos de traballo entre o Concello e os/as traballadores/as subscíbíronse sen que , con carácter previo se tivese realizado un proceso selectivo nos que se garantizasen os principios constitucionais de acceso ao emprego público , de igualdade, mérito e capacidade, así como o de publicidade, eficacia da actuación da Administración pública ao servizo dos intereses xerais.

Polo tanto, o feito de terse subscrito contratos de traballo polo Concello sen que, con carácter previo se tivese realizado un proceso selectivo nos que se garantizasen os citados principios supón unha moi grave infracción do ordenamento xurídico , infrinxe a legalidade resultando ademáis que , ao non terse realizado os preceptivos procesos selectivos dacordo cós meritados principios, non consta acreditada a capacidade e mérito do persoal para o desenvolvemento das respectivas funcións.

Debe tamén advertirse que estáanse a desenvolver funcións por persoal laboral que están reservadas a funcionarios públicos, o que supón unha infracción do disposto no artigo 9.1 da Lei 7/2007, de 12 de abril, do Estatuto básico do empregado público, precepto éste que establece que " En todo caso el ejercicio de las funciones que impliquen la participación directa o indirecta en el ejercicio de potestades públicas o en la salvaguarda de los intereses generales del Estado y de las Administraciones públicas corresponden exclusivamente a los funcionarios públicos, en los términos que en la Ley de desarrollo de cada Administración Pública se establezca" e do disposto no artigo 167 do Real decreto legislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (precepto éste que ten carácter básico), polo que únicamente o persoal de oficios, é dicir, os que realicen tarefas de carácter predominantemente manuais, nos diversos sectores de actuación das Corporacións locais, referidas

a un determinado oficio, industria ou arte, pode non ter a condición de funcionario, é dicir, pode ser persoal laboral. O resto, a xuízo desta Intervención, teñen que ser funcionarios.

Exposto canto antecede, e á vista das irregularidades detectadas nas distintas contratacións laborais que, polas limitacións antes expostas, podéronse examinar, debe advertirse que determinadas relacións laborais temporais, por efecto destas anomalías, poden terse convertido en indefinidas(en algúns casos indefinidas discontinúas). Non obstante, como veremos seguidamente, tal actuación nin equipara a estos contratos aos de fixos en plantilla, nin exonera ao Concello ao cumprimento da obriga legal e constitucional de cubrir estas prazas mediante os procedementos legalmente establecidos. Neste sentido se pronuncia a Sentenza do Tribunal Supremo de 7 de outubro de 1996, realizando unha interpretación integradora da lexislación laboral e administrativa, declara que " la contratación laboral en la administración pública al margen de un sistema adecuado de ponderación de mérito y capacidad impide equiparar a los demandantes a trabajadores fijos en plantilla, condición ligada a la contratación por el procedimiento reglamentario, sin perjuicio de su consideración, en su caso, como trabajadores vinculados por un contrato de trabajo por tiempo indefinido".

O que non aclaraba esta doutrina xurisprudencial era a distinción entre o carácter indefinido do contrato e a fixeza en plantilla, así como as súas consecuencias. Delo se ocupa a Sentencia do Tribunal Supremo de 20 de xaneiro de 1998 que declara " El carácter indefinido del contrato implica desde una perspectiva temporal que éste no está sometido, directa o indirectamente a un término. Pero esto no supone que el trabajador consolide, sin superar los procedimientos de selección, una condición de fijeza en plantilla que no sería compatible con las normas legales sobre selección de persoal fijo en las Administraciones Públicas. En virtud de estas normas, el organismo afectado no puede atribuir la pretendida fijeza en plantilla con una adscripción definitiva del puesto de trabajo, sino que, por el contrario, está obligado a adoptar las medidas necesarias para la provisión regular del mismo y, producida esta provisión en la forma legalmente procedente, existirá una causa lícita para extinguir el contrato".

A partires destas consideracións, véñse insistindo pola xurisprudencia que o uso fraudulento das normas que regulan os contratos temporais non poden saldarse na Administración Pública na fixeza de plantilla, senón na consideración do nexa laboral como indefinido, vendo obrigada a Administración a cubrir estas prazas polo procedemento legal, se obedecen a necesidades permanentes do Concello ou, do contrario, a amortizalas, extinguindo os correspondentes contratos.

Polo exposto, entende a que subscribe que procede que se realice unha reestruturación de plantilla, reduciendo o persoal laboral temporal, estando legalmente obrigado o Concello a cubrir as prazas que obecezan a necesidades permanentes seguindo os procedementos legalmente establecidos dacordo cós citados principios constitucionais de igualdade, mérito e capacidade, así como o de publicidade, previa inclusión das mesmas na oferta de emprego público e posterior proceso selectivo. No seu defecto, no caso dos postos que a Corporación considere non obedecen a necesidades permanentes, proceder a súa amortización todo elo sen prexuízo das responsabilidades en que se poidesen ter incurrido ao obviarse todo proceso selectivo garantizador dos principios de acceso ao emprego público anteriormente citados.

Finalmente, e como consideración final, indicar brevemente, e todo elo aínda cando o obxeto de informe é a plantilla que se une ó orzamento (que contén prazas e non postos) e non a relación de postos de traballo, que actualmente existe situacións de determinado personal que formalmente están adscritos a un determinado servizo pero que "de facto", e sen acordo algún por parte dos órganos de goberno da Corporación, están desempeñando outros postos de traballo (inexistentes, por outra parte, ó non contar o concello con RPT), cobrando, non obstante, as retribucións do posto de orixe.

Convén realizar neste momento determinadas consideracións, respecto á legalidade de determinadas cuestións que recolle o Acordo Funcionarial e Convenio Colectivo vixente:

- Pago dos Conceptos Retributivos contemplados no capítulo 5 do Convenio Colectivo vixente ós funcionarios (subvención por fillo ou cónxuge diminuído, xubilación anticipada, renovación do permiso de condución, etc) ente a cada funcionario, non se axustan á lexislación vixente para os funcionarios (xa que se trata dunha retribución que non ten encaixe en ninunha das retribucións complementarias que recolle a lexislación vixente.*

En todo caso, e con independencia do que logo se dirá, á marxe das disposicións contidas no convenio, acordo regulador aprobados, existen outros "conceptos retributivos" creados de facto á marxe de calquer procedemento que están sendo incluídos na nómina mensual, tales como "premios de antigüidade para os maiores de 60 anos", gratificacións extraordinarias con dobre compensación (tempo por tempo e remuneración económica) e sobre os que esta Intervención xa advertiu a súa manifesta ilegalidade.

Como aclaración sinalarei que as retribucións posibles son as que veñen recollidas no Capítulo III do Título III da Lei 7/2007, de 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, isto é, as básicas (soldo, trienios e pagas extraordinarias na súa parte de soldo e trienios) e as complementarias (destino, específico-tamén o incluído nas pagas extraordinarias- produtividade e gratificacións extraordinarias.) A fixación das retribucións complementarias (nivel de destino e determinación do complemento específico) débese facer a través da aprobación da valoración dos postos de traballo.

Tampouco pode conceptuarse como complemento de produtividade porque este debe ser distribuído polo Alcalde en base á contía e criterios fixados polo Pleno, e este non é o caso.

Polo tanto, e polo que respecta ás retribucións fixadas no Acordo funcional como as creadas de facto en base a "presuntos acordos" adoptados pola mesa xeral de negociación, foron establecidas á marxe do procedemento legalmente establecido polo que non procede o seu pagamento.

• Complemento de Productividade que se reflexa no anexo de personal.
Non se axusta á legalidade vixente. Respecto do complemento de produtividade, retribuirá o especial rendemento, a actividade e dedicación extraordinaria e o interese ou iniciativa con que desenrolen os postos de traballo.

A valoración da produtividade deberá realizarse en función de circunstancias obxectivas relacionadas co tipo de posto de traballo e o desempeño do mesmo, e no seu caso, co grado de participación na consecución dos resultados ou obxectivos asignados ó correspondente programa. En ningún caso as contías asignadas por complemento de produtividade durante un período de tempo orixinarán dereitos individuais respecto ás valoracións ou apreciacións correspondentes a períodos sucesivos. Corresponde ó Alcalde da Corporación a distribución das contías consignadas con destino ó complemento de produtividade, entre os diferentes programas ou áreas e a asignación individual con suxección os criterios establecidos polo Pleno.

No tocante ó complemento de produtividade do personal funcionario esta Intervención xa manifestou en informe nº 225/2008 que "Por tanto, puede concluirse, a juicio desta Intervención, que la asignación de unas precepciones fijas como complemento de productividad contraviene los artículos 5 y 7 del Real decreto 861/1986, de 25 de abril, por lo que no se ajusta a la normativa vixente desvirtuando en definitiva el sentido de tal complemento , no resultando formalmente correcto la inclusión de estas cantidades en la nómina."

Así, o anexo de personal refexa unhas asignacións de complemento de produtividade para cada posto de traballo, o cal é legalmente posible pero sempre e cando a distribución do citado complemento se realice polo Alcalde previa valoración dos criterios de distribución que debería fixar o Pleno corporativo e sempre e cando existira unha valoración previa dos postos de traballo. En definitiva, non é posible a asignación dun complemento de produtividade de forma automática na nómina do personal funcionario.

A anterior consideración, conxugada coa previsión de equiparación retributiva para o personal laboral ós postos equivalentes de personal funcionario recollida no Convenio de personal laboral implica a asignación ó citado personal dun complemento de produtividade con carácter fixo e mensual, complemento que como tal non figura con esa denominación nas nóminas, pero que na práctica responde a tal carácter. Respecto a esta cuestión, en primeiro termo debe sinalarse o distinto réxime xurídico que os conceptos retributivos do personal funcionario e laboral teñen na actualidade. O primeiro ríxese polo Estatuto Básico do Empregado Público, mentras que o segundo faino polo Estatuto dos Traballadores que se refire a soldo e outros conceptos retributivos. Os tribunais veñen confirmando que o réxime retributivo do personal laboral non pode ser unha copia do funcional.

Agora ben, se o que se quere é establecer un concepto retributivo para o personal laboral que valore o rendemento, que incentive a produtividade, este evidentemente non poderá ser fixo,

senón que, ó igual que se puxo de manifesto para o personal funcionario, en primeiro termo, deberán establecerse os indicadores ou criterios que determinen a súa procedencia e contía, e posteriormente verificar o cumprimento dos mesmos a efectos de resolver a procedencia ou non en cada caso particular.

En conclusión, e polo que respecta ó personal funcionario e laboral, pode establecerse unha asignación global para produtividade do personal dacordo co anterior e sempre e cando non se supere o incremento da masa salarial permitido por lei.

Ademais, o cobro que se está facendo na actualidade, desvirtúa totalmente o concepto de produtividade e pode producir situacións tan inexplicables como que unha persona de baixa laboral cobre tal complemento. O meu xuízo, o complemento de produtividade, como se está fixando en moitas administracións, debería ser base a criterios que combatisen o absentismo laboral.

Por último, indicar que se está producindo un incumprimento do disposto no artigo 5.4 do Acordo Regulador das condicións de traballo do personal funcionario que literalmente di "O concello asegurará a percepción do 100% das retribucións básicas e complementarias, agás aqueles complementos que estén destinados a retribuí-la nocturnidade, festividade, penosidade, peligrosidade, etc ós funcionarios en situación de baixa por enfermidade ou accidente laboral, debéndose xustificar tal situación mediante o correspondente parte facultativa". Na actualidade, tanto para o personal funcionario como laboral, o complemento salarial en situacións de IT estase a producir polo 100% das retribucións do posto, debéndose deducir a xuízo desta informante, ademais do complemento de produtividade -polo xa manifestado- a parte correspondente ó complemento específico do posto, por ser este o complemento que vai destinado a retribuír os "conceptos" detallados no citado artigo.

- Farase mención en último termo ó resto de "retribuciones" non contempladas no convenio vixente pero creadas de facto e aplicadas directamente, así, as axudas dentales, oftalmolóxicas, bolsas de estudos, etc..... Neste sentido, o proxecto de orzamentos contempla créditos con destino a cubrir este tipo de gastos.

Respecto ó anterior, e á hora de analizar se estas retribucións se axustan á legalidade, hai que sinalar que á vista da ausencia de procedemento para a fixación destes novos "conceptos retributivos", estes non se axustan á legalidade nin para o caso do personal funcionario nin para o laboral.

En todo casos este tipo de axudas non fixan un límite total a pagar en cada exercicio orzamentario, cuestión que fai difícil a súa execución dende o punto de vista da cobertura orzamentaria.

Como recomendación, no caso de que se negocie un novo convenio, sería fundamental poñer un límite ó pago cada ano, por cada tipo de axudas sociais. O procedemento sería, abrir un período de prazo de petición de axudas e dar un importe en función do número de axudas solicitadas entre o importe máximo orzamentado.

- Aportacións ó plan de xubilación recollido no artigo 5.7 do Acordo.

Aínda que cando se aprobou a través do Acordo funcional, non se axustaba á legalidade, na actualidade sí o é, debido a que dende fai varios anos as Leis de Orzamentos Xerais do Estado o permiten.

Non obstante o anterior, e considerando que o citado artigo prevé unha revalorización da póliza do 10% anual, obviamente isto provoca que o importe destinado a tal fin supere o permitido pola Lei de Orzamentos de cada exercicio. Por tanto, procedería iniciar o procedemento para adecuar estas disposicións do Convenio/Acordo regulador á normativa vixente.

O proxecto de orzamentos do 2012 non prevé a dotación de ningún crédito para facer fronte a este tipo de gastos, todo elo de conformidade co disposto no artigo 2.3 RDLei 20/2011 " Durante el ejercicio 2012, las Administraciones, entidades y sociedades a que se refiere el apartado Uno de este artículo, no podrán realizar aportaciones a planes de pensiones de empleo o contratos de seguro colectivos que incluyan la cobertura de la contingencia de jubilación."

O que sí prevé é a consignación dun crédito por importe de 55000 € para facer fronte ó recoñecemento extraxudicial do crédito derivado das aportacións ó plan de xubilación do ano 2009. Tendo en conta o xa manifestado, así como o establecido na Lei de Orzamentos Xerais do Estado para 2009, o importe consignado para esta finalidade superaría o límite establecido pola Lei.

• Por último, quero sinalar a necesidade de aprobar o instrumento de ordenación dos postos de traballo do concello, é dicir, a Relación de Postos de Traballo. Así, as ventaxas que tería serían as seguintes:

- Clarificación dos postos de traballo que deben ser desenrolados por funcionarios e cales poden ser desempeñados por personal laboral.
- Clarificación dos contratos laborales que ten vixente o Concello, cales se consideran que ocupan un posto de traballo permanente e cales temporal, xa que na RPT non é necesario que os postos temporales se atopen nela, pois así está recollido na normativa. Non obstante, hai determinados postos de traballo que sendo por esencia temporales, si deben estar na RPT. Son os reservados a personal eventual, o personal de confianza e/ou asesoramento especial.

O aspecto totalizador da RPT é importante. Todo o contido do posto de traballo debe estar nela e o que non está non existe. Así a creación, modificación, refundición e supresión dos postos de traballo a desempeñar por personal funcionario e a formalización de novos contratos de personal laboral fixo requirirá que os correspondentes postos figuren an RPT. E os postos de traballo de todo o personal da Administración Local fíxase anualmente a través do seu presuposto.

- Clarificación das retribucións que se establecen por motivo do posto, isto é, o complemento de destino e específico para os funcionarios, aínda que tamén se podería establecer un réxime similar para os laborales.

Así se conseguiría ligar as retribucións que non teñen que ver coa titulación esixida para o ingreso na Administración, ó posto e non á persona que o desenrola, cuestión que actualmente non está moi clara.

Feitas as consideracións anteriores, convén realizar unhas reflexións, basándome no control de eficacia e eficiencia que tamén lle corresponde á Intervención municipal:

- A xuízo da que suscribe, debería de abordarse de modo conxunto a RPT coa aprobación dun novo Acordo funcional/ Convenio colectivo, adaptando estes á lexislación vixente na actualidade conforme ó manifestado por esta informante.
- Que a necesidade de aprobar a RPT ven tamén provocada pola necesidade de incluír na mesma os postos de segunda actividade para dar así cobertura legal ás situacións que de facto se están producindo con determinados postos de traballo.
- Que, sen perxuízo das observacións específicas de legalidade realizadas con anterioridade en relación coa amortización de prazas neste proxecto de orzamentos, e lembrando os termos nos que esta Intervención xa se pronunciou no informe ó proxecto de orzamentos do 2011, a amortización de prazas no presente exercicio permiten un marxe de manobra para dar cobertura a outros gastos necesarios que o proxecto de orzamentos si está obrigado a dotar, así, os derivados do recoñecemento extraxudicial de créditos aprobado polo Pleno de 12 de marzo de 2012, así como outros gastos que serán obxecto de recoñecemento extraxudicial no presente exercicio, e que doutra forma, terían difícil cabida no proxecto de orzamentos do ano 2012.

En canto ós límites previstos no artigo 7 do Real Decreto 861/1986, de 25 de abril, por el que se establece el régimen de las retribuciones de los funcionarios de la administración local, os importes son os seguintes:

- a) Masa retributiva total personal funcionario : 2.147.757,80 €
- b) Importe retribucións básicas, axuda familiar e CD: 1.383.052,66 €
- c) Resultado (a-b): 764.705,14 €

	Límite legal	Contía orzamentada
--	--------------	--------------------

Complemento específico (75%)	573.528,86 €	605.311,53 €
Productividade (30%)	229.411,54 €	169.393,61 €
Gratificacións (10%)	76.470,51 €	4.900,00 €

En conclusión, ponse de manifesto que existe un exceso do límite legal na contía consignada como complemento específico.

D) Gastos Correntes.

O Capítulo II, "Compra en bens correntes e servicios" por importe de 3.858.133,53 € reflexa un incremento respecto dos créditos iniciais do exercicio anterior do 8,74% e pasan a representar o 44,72% dos gastos correntes e o 39% respecto dos créditos totais.

Da Memoria da Alcaldía e do Informe Económico-financieiro dedúcese que, en principio, estaría suficientemente garantizada a cobertura do mantemento dos servicios municipais e dos gastos obrigatorios. Asimesmo, esta Intervención comprobou que se dotaron suficientemente os créditos que amparan compromisos de gastos xa contraídos.

Por último, o informe económico financeiro recolle a declaración da suficiencia dos créditos para atender ó cumprimento das obrigas esixibles, os gastos de funcionamento dos servicios e, en consecuencia, a efectiva nivelación do Presuposto (Art. 168.e) LHL).

Non obstante o anterior e reiterando o xa advertido por esta Intervención noutros informes, exténdense unha serie de recomendacións tendentes a garantir o control, e no seu caso, a diminución do gasto corrente:

- Deberíase fomentar sempre a contratación administrativa, é decir, abrir á competencia privada a prestación dos servicios e a execución das obras.
- Deberíase evitar que os contratistas obteñan en moitas ocasións liquidacións por excesos de medición nas unidades de obra ou modificados dos contratos, cando na maioría das ocasións non responden ás previsións legais senón a erros de previsión debido á que non están ben elaborados os proxectos de execución das obras.
- Deberíase evitar o fraccionamento ilícito nas prestacións de servicios, suministros e execución de obras para tratar de evitar acudir á contratación administrativa.
- Deberíase declarar determinados suministros como de "Adquisición centralizada" e licitar por concurso para toda a administración a súa adquisición. Por exemplo, o material de oficina, mantemento de instalacións, consumibles informáticos, suministros reiterados no servicio de obras, etc.
- Deberíase intentar licitar todas as comunicacións telefónicas, e suministro de enerxía eléctrica e gas.
- Outro campo no que se podería reducir moito o custos é nos honorarios dos abogados e procuradores contrados recomendándose para elo licitar un contrato que inclúa a defensa xurídica ou ben, encomendar a mesma ó personal de asistencia xurídica da Deputación.
- O mesmo se produce en canto ós honorarios por redacción de proxectos, direccións de obras e coordinación de seguridade e saude que están sendo contratados externamente na maioría dos casos sen que previamente se xustifiquen as necesidades dos citados servicios, e todo elo tendo en conta o personal municipal adscrito ó servicio (un enxeñeiro de camiños, canles e portos e dous arquitectos técnicos).
- En todo caso, deberá darse un estricto cumprimento ao sinalado nas bases de execución respecto da regulación das propostas de gasto.

Segundo se informa pola Alcaldía, o proxecto de orzamentos prevé os créditos necesarios para facer fronte ós gastos que foron obxeto de recoñecemento extraxudicial de crédito polo Pleno da corporación en sesión de 12 de marzo e que non foron financiados no seu día con RLTX así como os créditos para facer fronte ó recoñecemento extraxudicial de créditos dos gastos do exercicio anterior que tiveron entrada con posterioridade ó 1 de xaneiro de 2012. O montante total que o proxecto de orzamentos adica a estas finalidades é de 430.251,00 €, o que representa un 4,37% dos créditos totais do orzamento.

Neste sentido recordar o xa informado por esta Intervención respecto da necesidade de garantir coas medidas oportunas, o control do gasto evitando deste xeito a existencia dunha

importante débeda con provedores a fin do exercicio, máxime tendo en conta que a situación que se presenta a día de hoxe trala aprobación dos diferentes expedientes de recoñecemento extraxudicial de créditos está bastante saneada. Tal e como veu advertindo esta Intervención, e dacordo co determinado nas BEO, sería necesario realizar un estricto control do crédito existente en cada partida orzamentaria mediante o sistema de propostas de gasto antes de levalos a cabo sen coñecer se realmente existe consignación para os mesmos.

Neste punto debe recordarse que o artigo 173.5 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais sanciona con nulidade de pleno dereito de tódolos acordos, resolucións e actos administrativos que supoñan a adquisición de compromisos de gastos por importes superiores ós dos créditos autorizados no orzamento de gastos. Aínda que a xurisprudencia do T.S. recolle a obrigatoriedade de facer fronte a estes gastos para evitar o enriquecemento inxusto por parte da Administración, debe recordarse que éste é un mecanismo excepcional, polo que se reitera a importancia do control do gasto a realizar no exercicio para non exceder os créditos aprobados.

E) Gastos Financieros

No proxecto de orzamento figura a dotación dos gastos financeiros derivados das operacións contratadas segundo o detalle que figura no anexo da débeda que se une ó proxecto de orzamento.

F) Transferencias corrientes

O Capítulo IV de Transferencias corrientes importa 378.156,65 o que supón un 3,84% dos créditos iniciais de 2012.

A tramitación da concesión destas subvencións e a súa xustificación deberase adaptar á Lei Xeral de Subvencións e ó seu Regulamento de desenrolo, á Lei de Subvencións de Galicia e regulamento de desenrolo, ó disposto nas Bases de execución do Orzamento, á Ordenanza Xeral de Subvencións do Concello de Fene e ás bases reguladoras que se aproben.

G) Inversión real e a súa financiación.

Os investimentos orzamentados no Capítulo VI do Estado de Gastos importan 537.342,26 e supoñen un incremento respecto ó exercicio anterior.

Polo que respecta á natureza económica das inversións, o detalle dos gastos a realizar con cargo ó citado capítulo e que aparecen detallados no anexo de investimentos que se une ó expediente, resultan adecuadamente calificadas.

Por outra banda, os investimentos previstos teñen a fontes de financiación que figuran detalladas no anexo de investimentos que se une ó orzamento. En resumo, as operacións previstas teñen as seguintes fontes de financiamento:

- Transferencias de capital:

Ascenden a 205.783,41 €.

-Recursos ordinarios

Ascenden a 332.558,85 €

H) Ingresos.

No informe económico financeiro realízase unha análise das previsións de ingresos e a súa estrutura, así como das "bases utilizadas para su evaluación", ó que nos remitimos.

Observacións ás previsións de ingreso do orzamento.

1.- Cúmrese formal e efectivamente co principio de nivelación orzamentaria. O proxecto de orzamentos non presenta déficit formal inicial e cumpre co previsto no art. 165.4 do TRLRFL:

-Ingresos ordinarios: 9.588.274,79 € (ingresos correntes).

-Gastos ordinarios: 8.514.636,86€

2.-En canto ás previsións de ingresos correntes, particularmente as relativas a transferencias procedentes de outras Administracións Públicas, son de difícil estimación, polo que no caso de incumprimento destas previsións non se conseguiría unha efectiva nivelación orzamentaria e só formalmente se aprobaría o orzamento sen déficit inicial.

Por outra banda, e tendo en conta as previsións orzamentarias en gastos e ingresos, enténdese que aínda que formalmente queda garantido o principio de nivelación orzamentaria, a corporación municipal debería adoptar medidas necesarias para reforzar e incrementar os ingresos por sancións e outros ingresos, así como adecuar as taxas e precios públicos ó custe dos servizos, coa finalidade de ter unha estrutura de ingresos que dea sustento ó crecente incremento dos gastos correntes.

3.-En canto ós ingresos de capital (excluídos os ingresos do capítulo 8) estes representan un 2% sobre o total das previsións totais de ingresos do Orzamento. Estes ingresos teñen igualmente carácter afectado nos termos definidos no artigo 173.6 do TRLRFL.

RECOMENDACIÓNS Á XESTION PARA TRATAR DE MELLORA A SITUACIÓN ORZAMENTARIA FUTURA DO CONCELLO.

En canto ás recomendacións efectuadas por esta Intervención, para tratar de paliar esta situación, loxicamente pódese e débese actuar dende dúas vertentes, aumentando os ingresos correntes e /ou diminuindo os gastos correntes.

1.- Aumentando os ingresos correntes.

- Tamén, para aumentar e lograr un cobro mais xusto no ICIO e taxa por licencias urbanísticas, debería revisarse o sistema de cobro que figura na Ordenanza.*
- Trantando de repercutir o custo dos servizos nos usuarios e non financiar o seu déficit cos impostos xenéricos. Un exemplo típico é a prestación dos servizos culturais e deportivos, polo que en casos como este debería reflexionarse sobre se o Concello ten ou non capacidade para financiarlos cos seus impostos.*
- Sendo o crecemento demográfico fundamental para a obtención de recursos, fundamentalmente polo aumento na Participación nos tributos do Estado, neste punto o Concello podería levar a cabo políticas novedosas tendentes a captar poboación.*
- Deberíase coordinar a xestión das subvencións a solicitar tanto de organismos oficiais como non oficiais de maneira que exista unha visión conxunta que trate de localizar novos ingresos.*

2. BASES DE EXECUCION DO ORZAMENTO.

As bases de execución do Orzamento aparecen regulados como contido do Orzamento Xeral, no artigo 165 do TRLRFL e nos artigos 9 e 10 do RP que veñen a dispoñer que as mesmas "contendrán la adaptación de las disposiciones generales en materia presupuestaria a la organización y circunstancias de la propia Entidad y de sus Organismos Autónomos, así como aquellas otras necesarias para su acertada gestión, estableciendo cuantas prevenciones se consideren oportunas o convenientes para la mejor realización de los gastos y recaudación de los recursos, sin que se pueda modificar lo legislado para la administración económica ni comprender preceptos de orden administrativo que requieren legalmente de procedimientos y solemnidades específicas distintas de los preceptuados para el Presupuesto".

O proxecto de Orzamentos para 2012 contén, no que respecta ás Bases de Execución, unha ampla normativa encamiñada a regular os aspectos internos da xestión económica-financieira, desenrolando as disposicións regulamentarias sobre a materia.

As bases de Execución axustanse á legalidade vixente na materia e permiten a adecuación dos procedementos económicos-financieiros ás disposicións en materia orzamentaria, tributaria e contable.

3.CONCLUSION

A documentación do Orzamento xeral examinada axústase/non se axusta á lexislación que lle resultan de aplicación nos termos expostos anteriormente.

En todo caso, efectúanse tal e como se realizou no informe ó proxecto de orzamentos de 2011, as seguintes recomendacións en relación coa xestión ordinaria:

1.- Máxima austeridade na realización do gasto promovendo a máxima concurrencia nas licitacións coa dobre finalidade de salvagardar os intereses económicos municipais e o dereito que teñen os particulares a contratar coa Administración.

2.- Realizar unha selección dos gastos que se estimen absolutamente necesarios para manter a xestión dos servizos públicos.

3.- Comprobar a produtividade dos investimentos a realizar, optándose polos que produzan rentabilidade económica.

4.- Búsqueda de aforro neto para financiar os investimentos de infraestrutura que revirten en bens adicados ó uso xeral.

5.- Potenciación da recadación municipal coa finalidade de que os dereitos recoñecidos netos coinciden efectivamente coa recadación efectuada.

En último termo, e tendo en conta que é tónica habitual deste concello aprobar os orzamentos fóra do prazo legal, comprendería rematar o meu informe cun rogo, que é o seguinte: os Concellos deben aprobar anualmente os seus orzamentos dentro do prazo legalmente establecido, considerándose o mecanismo da prórroga orzamentaria como algo excepcional. Non se poden executar os programas que pretenden desenvolver os xestores municipais sen un orzamento adaptado a cada ano, máxime tendo en conta as importantes novidades normativas deste exercicio. O orzamento prorrogado que existe na actualidade non reflicte a imaxe fiel dos gastos e ingresos municipais, proba delo son as modificacións orzamentarias que se levan tramitado durante o presente exercicio algunha das cales foi estritamente necesaria para poder afrontar o recoñecemento extraxudicial de créditos aprobado polo Pleno en sesión de 12 de marzo. Non obstante o anterior, non pode esquecerse a situación excepcional que concorre no presente exercicio no que a día de hoxe todavía non se atopan aprobados os orzamentos xerais do Estado para o 2012.

En Fene, a 23 de maio de 2012.

A Interventora

Asdo.- Marta Roca Naveira.”

Por todo o anterior, esta comisión emite a seguinte proposta de acordo para que, polo Concello Pleno se adopten os seguintes acordos:

“Visto o proxecto de orzamento xeral para o exercicio 2012 por un importe de 9.844.058,20 €.

Habida conta que a estrutura orzamentaria axústase ás normas contidas na Orden EHA/3565/2008, de 3 de decembro; que no estado de ingresos recóllense as previsións razoables dos ingresos que se prevén liquidar e no estado de gastos os créditos necesarios para atender as obrigas esixibles á corporación; que se formou o orzamento Xeral con toda a documentación prevista na lexislación vixente e que no orzamento non existe déficit inicial.

En virtude do establecido nos artigos 14.5 da Lei 30/1984, de 2 de agosto, art. 90 da Lei 7/1985, de 2 de abril, a corporación fixará anualmente a plantilla de postos de traballo a través do seu orzamento. Vista a proposta da Plantilla comprensiva da totalidade das prazas reservados a funcionarios e personal laboral.

De conformidade cos artigos 168.4-5 do RDL2/2004, de 5 de marzo e art. 90 da Lei 7/1985, Reguladora das Bases de Réxime Local, proponse, previo dictame da Comisión Informativa de Facenda, a adopción do seguinte acordo:

Primeiro: Aprobar inicialmente o Orzamento Xeral da Corporación do exercicio 2012 que ascende a un importe de 9.844.058,20 € no Estado de Ingresos e de Gastos segundo o seguinte detalle:

GASTOS	(€)	INGRESOS	(€)
Cap. 1.- Gastos de personal	4278346,68	Cap. 1.- Impostos directos	3718900
Cap.2.- Gastos en besn e servizos	3858133,53	Cap. 2.- Impostos indirectos	55000
Cap. 3.- Gastos	111500	Cap.3.- Tasas e	2108004,00

financieros		outros ingresos	
Cap. 4.- Transferencias correntes	378156,65	Cap. 4.- Transferencias correntes	3656738,56
		Cap.5.- Ingresos patrimoniales	49632,23
Cap.6.- Inversiones reais	537342,26	Cap.6.- Enajenación de inversiones reais	0
Cap.7.- Transferencias de capital	0	Cap.7.- Transferencias de capital	205783,41
Cap. 8.- Activos financieros	50000	Cap.8.- Activos financieros	50000
Cap. 9.- Pasivos financieros	630579,08	Cap. 9.- Pasivos financieros	0
TOTAL	9844058,2	TOTAL	9844058,2

Segundo.- Dispoñer que as modificacións de crédito nº 1/2012; 2/2012; 3/2012; 4/2012; 5/2012; 6/2012 e 7/2012 na modalidade de transferencias de créditos e modificación nº 3/2012 na modalidade de suplemento de crédito realizadas sobre o orzamento prorrogado se consideren incluídas nos créditos iniciais do orzamento que se somete a aprobación, e elo debido a que ditas modificacións xa foron tidas en conta á hora de elaborar o presente orzamento, todo elo en aplicación do disposto no art. 21.6 do RD 500/90.

Terceiro.- Expoñer ó público por un periodo de quince días mediante previo anuncio inserto no boletín oficial da provincia. O expediente considerárase definitivamente aprobado se durante o citado prazo non se houberan presentado reclamacións.

Cuarto.- Aprobar inicialmente a plantilla que consta como documento incorporado ó orzamento, acordar a súa publicación mediante anuncio inserto no Boletín Oficial da Provincia así como no taboleiro de Edictos da Corporación e unha vez aprobada definitivamente, remitir copia á Administración Xeral do Estado e da Comunidade Autónoma.>>

Inicia o debate o concelleiro do grupo do PP, don Juan José Franco Casal, que di que neste orzamento para o ano 2012 apóstase claramente por un crecemento sostible, nunha liña de afianzamento das políticas sociais e as políticas de emprego, a redución da débeda municipal e facer sostibles os servizos básicos de Fene. Di que é un orzamento realista, responsable, adicado a paliar os efectos que está a provocar a crise nos habitantes de Fene.

Continúa dicindo que o orzamento ascende a 9.844.058,20 euros, cunha suba de case que o 5% respecto do orzamento do ano pasado, motivada fundamentalmente pola participación de ingresos do Estado, da liquidación desa participación e do Fondo de Cooperación Local.

Prosegue a dicir o concelleiro que os sustentos básicos do orzamentos son a previsión de ingresos, previsión que é claramente realista xa que está feita en función das liquidacións feitas ao longo do ano e coas perspectivas de ingresos propios e alleos, inda que, non obstante, non se pode obviar que non hai orzamentos do Estado, polo que será a primeira vez que Fene aprobe o orzamento municipal antes co orzamento estatal.

Di que os ingresos apostan por manter os servizos básicos cara o futuro, paliando o retroceso de ingresos propios cos ingresos do Estado que aumentan, xa que aumenta o IBI, e que, inda que as previsións de ingresos doutras Administracións se reducen ata nun 20%, non afectan aos servizos básicos, que se compensan co aporte que se fai dende outras partidas, polo que estas partidas de servizos básicos, lonxe de baixar, aumentan.

Prosegue dicindo que se conxelaron as taxas, de forma que os veciños non acarrean a crise, agás a taxa do lixo, que subiu segundo o IPC; faise un aumento da protección social e da promoción do emprego, xa que se duplica o servizo de axuda no fogar e se crea outra nova partida "outros

gastos", na que terán cabida aquelas carencias que poidan ter os servizos sociais respecto deste servizo ou do programa xantar na casa.

Continúa dicindo que na parte de promoción de emprego hai a previsión de facer en Fene tres cursos de formación da Xunta de Galicia, que aínda que están pendentes da súa adxudicación xa están dotados orzamentariamente; que tamén se dota a posible concesión dun obradoiro de emprego co que se fai máis énfase na creación de emprego, apostando por políticas de creación de empresas e formación dos traballadores.

Di que o terceiro punto que sustenta este orzamento é un aumento do investimento, non froito duns recursos propios, senón nutrido das subvencións xa concedidas ou pendentes de conceder, co que habería aproximadamente medio millón de euros para obras como a execución do POS 2012, a execución do PCC 2011, os terreos para a auga de Magalofes, compra de investimento de limpeza con axuda da Deputación, mellora parques infantís e parque empresarial Vilar do Colo, etc.

Salienta que aínda que non está previsto no presuposto está totalmente dotado os investimentos dos POS, que veñen sendo uns 2 millóns de euros.

Tamén se respectan actuacións coma a da vía do tren en Perlío, a ampliación do Polígono Industrial de Vilar do Colo, a senda marítima, a segunda escola infantil ou o centro de día que son cuestións que se tratarán de dar execución neste ano; e engade faise un compromiso de tentar facer diversas redes de sumidoiros en camiños municipais e cando sexa posible sacar a praza de electricista nun futuro.

Prosegue dicindo que outro sustento importante destes orzamentos é reducir o gasto, a débeda municipal e racionalizar o traballo do Concello, medidas alleas ás políticas municipais dos últimos anos, de tal xeito que se dota orzamentariamente a débeda a provedores mediante os pagamentos que se fixeron en marzo deste ano e aqueles que entraron posteriormente e que se validaron polos servizos da área correspondente. Engade que ademais se dota dunha partida adicional para a débeda bancaria co que se consegue aforrar 25.000 euros de xuros de préstamos; a débeda bancaria no ano 2012 será a menor dos derradeiros 15 anos, nos que se chegou a ter unha débeda bancaria de 2.716.408,70 euros.

En relación co capítulo I di que se cumpren coas previsións legais, que o aforro que se fai en persoal se destina a afrontar gastos necesarios para o funcionamento do Concello; que no capítulo II se conseguen facer aforros importantes en gastos correntes, como unha rebaixa do 50% de telefonía móbil e un 15% da telefonía fixa, aforro dun céntimo do litro do gasoil, que se está en negociacións coas empresas subministradoras de gas e luz do Concello e en renegociación coas empresas de mantemento, así como tamén se acadaron aforros en asuntos como o Verán máis alá ou as instalacións deportivas.

Prosegue dicindo que van seguir por esa liña de tentar que os servizos sexan máis baratos, como a axuda no fogar ou as escolas deportivas e culturais, así como que se tentará implantar un sistema de eficiencia enerxética para conseguir que a factura da luz sexa máis barata. Ademais tentarase cumprir coa circular interna de 26/06/2011 pola que se intenta que todas as áreas fagan un control máis exhaustivo de cada euro que se gasta.

En relación co capítulo IV destaca que as transferencias a sociedades se manteñen nestes momentos de crise.

Salienta que se detectou que na escola infantil a Xunta de Galicia non estaba a facer ben a liquidación, que hai presentada unha alegación e que isto xa se reflicte no orzamento coa partida que pensan que é a xusta que debe pagar o Concello á Xunta por este concepto.

Di que se fixeron importantes aforros nas áreas de deportes e cultura ou na subscrición de publicacións e que todo este saneamento obviamente repercutirá en que sexan sostibles os servizos básicos do Concello.

Considera clave que se fixeran os pagamentos a provedores e que esperan non ter que facer ningún máis, de forma que se cobre ao día; que a memoria da Alcaldía presenta asuntos que nunca tiveron cabida no Concello e pensa que son importantes, citando entre outros o inventario municipal, con previsións para a RPT, mellora da prevención de riscos que pasa a ser máis profesional e económica,

pulo ao PXOM, inclusión de Fene na Axencia de Protección Urbanística, que se está a traballar coa Mancomunidade en proxectos importantes, dotándose así orzamentariamente o convenio de lacería suscrito e que espera que teña continuidade.

Remata dicindo que o grupo de goberno ten o compromiso de pagar facturas en menos dun mes e que todos os concelleiros deste goberno xestionarán cada euro coa máxima escrupulosidade para facer que o Concello de Fene teña un orzamento sostible.

A continuación fai uso da palabra o concelleiro do grupo socialista don Antón Lois Noceda Carballo que di que a intervención do concelleiro D. Juan José Franco Casal foi moi entusiasta respecto do orzamento e espera que o seu desenvolvemento non o acaben pagando os veciños en prestacións e servizos, o que se verá co que queda de exercicio económico.

Respecto do orzamento di que hai que facer un pouco de historia, xa que deste orzamento xa se aprobou unha primeira fase, que foi o plan de estabilidade que se aprobou hai unhas semanas, un plan que nunca debería ter existido xa que, a pesar do desaxuste orzamentario que se detectou por parte da Intervención, houbo máis de tres meses para xuntar aos grupos políticos para ter elaborado o orzamento e poder resolvelo dentro do mesmo.

Lembra que nalgún acto público o alcalde recoñeceu que non era un plan de estabilidade senón que era o esqueleto dos orzamentos que presentaba o goberno do Partido Popular, así o plan definiu os orzamentos completamente a nivel de capítulo, coas amortizacións da débeda bancaria do Concello e, polo tanto, con pouca marxe de actuación.

Continúa dicindo que á situación económica complicada á que se chegou non é responsabilidade completa deste goberno, que leva pouco gobernando, pero si das consecuencias de colocarnos nesta situación, máxime cando se puido facer doutro xeito e ter debatido con maior amplitude de miras cal debían ser a solución para os problemas deste Concello.

Considera que a previsión de ingresos non é realista senón ruín, prevendo por debaixo do razoable. Entende que se está a vivir unha situación certamente especial, unha situación social e económica moi complexa tanto no marco estatal coma autonómico, pero respecto deste Concello non é unha situación de crise como a que o goberno se empeña en dicir e considera que hai que transmitir a verdade á cidadanía, xa que durante a lexislatura que gobernaron os socialistas, por sorte, a débeda a provedores e a débeda bancaria se reduciu; ademais engade que a débeda de Fene en comparación coa doutros concellos é pequena, polo que pensa que neste debate orzamentario non se debía estar a falar de reducir máis a débeda, que é moi razoable e se pode ir pagando sen que os veciños sufran ningunha merma.

Prosegue o concelleiro don Antón Lois Noceda Carballo dicindo que o concelleiro de Facenda dixo que ía haber un aforro logo da amortización extraordinaria, pero isto limita as posibilidades do orzamento nuns 25.000 euros e cre que non se vai aforrar nada por moito que os números digan iso.

Di que é verdade que nalgúns capítulos que nestes momentos son fundamentais, como é o que inclúe Servizos Sociais, a protección dos menos favorecidos ou a promoción do emprego, as partidas orzamentarias no seu conxunto se manteñen ou se incrementan lixeiramente, pero que, aínda así, lle parece que nestas áreas os esforzos son pouco ambiciosos e non se amosa capacidade de innovación, xa que se aplican as medidas de sempre pero en situacións excepcionais, polo que entende que non se dá resposta ás demandas da cidadanía e que estes servizos precisarían máis fondos e unha redimensión.

Prosegue dicindo que cree que a amortización adicional é comprometerse en facer esforzos naquelo que non é imprescindible e deixar de facelo naquelo que pode estimular o crecemento económico e fundamentalmente en atender aos máis desprotexidos da sociedade. Di que con tanta limitación é lóxico que sexa un orzamento pouco ambicioso en canto a inversións e que inversións as hai, pero son todas as que lle deixaron en herdanza, sen ningunha iniciativa nova que xurda nos dez meses que levan gobernando, agás algunha que coñeceron polos xornais, coma a demandada segunda escola infantil, sobre a que agarda se afofonde dando información sobre a cuestión.

Di que ao Partido Socialista lle preocupa, xunto a escaseza de miras do goberno, que a veciñanza se vexa afectada polas decisións municipais, que os temas pendentes cos veciños de obras e xestión para os vindeiros meses se poidan facer sen riscos, o que modula a súa posición e cre que se Fene

vai ter a débeda máis pequena dos últimos 15 anos será non só polo feito polo Partido Popular nestes últimos dez meses, xa que é imposible co orzamento que ten este Concello, senón tamén porque atrás houbo alguén que veu facendo cousas para que isto poida ser así.

Engade que a reforma do PXOM foi empezada antes inda que se presente como mérito do PP e que ao seu grupo lle preocupa os investimentos en obras pendentes da financiación da Deputación e que deste debate saia un acordo que non impida que se realicen, pero advirte, non obstante, que o PSOE non vai admitir máis debates nestas situacións, que non van asumir plans de estabilidade que condicionan todo un orzamento cando non hai tempo nin para medir o alcance das medidas que se están a tomar, polo que pide que o goberno tome nota.

Prosegue dicindo que a responsabilidade do Partido Socialista a partir de hoxe será que a acción do goberno vaia encamiñada a quitar a venda de que se está nun furato escuro e negro, que se transmita optimismo á veciñanza e se lles diga que o seu Concello ten unha situación mesmo moi saneada, de forma que as amortizacións de débeda estean no límite do razoable.

Mantendo esa liña di que van estar totalmente de acordo con este goberno en afondar na racionalización do gasto, profundizando na atención aos desfavorecidos e en medidas de promoción económica que contribúan á saír da crise, aspectos nos que considera hai que volcar todos os esforzos.

Remata pedindo debates con tempos necesarios e dille ao alcalde e aos concelleiros do goberno que para calquera outra cousa que a partir de hoxe non vaia nesta liña que non busquen o apoio nin a axuda do Partido Socialista, porque entende que non pode volver pasar neste Concello que os veciños se teñan que someter a un plan de estabilidade, coas consecuencias legais que implica, por un desfase de 55.000 euros dentro dun orzamento de máis de nove millóns e medio de euros, o que non é razoable, nin lóxico.

A continuación fai uso da palabra o voceiro do grupo do BNG, don Manuel Polo Gundín, que di que hoxe escoitou dúas novas que dende o seu punto de vista son moi relevantes; unha que Europa di que España ten que subir o IVE e subir as idades de xubilación, mentres que os técnicos de facenda dicían que hai outras vías para buscar alternativas ao déficit do Estado como a loita contra o fraude, subida de impostos ás empresas que facturen máis de 45 millóns de euros ou subir o imposto de patrimonio. A segunda nova que destaca é que o plan de pagamento a provedores conta con quince días máis, é dicir, que tanto apuraron os prazos que se deron conta de que hai entidades que non teñen capacidade para cumprir eses prazos e pregúntase a onde se vai con esta política económica, xa que cre que o Partido Popular se está pasando de freada e non conta con soberanía a nivel Estado e está sometido á política económica da señora Merkel, de Alemania, que o que está é provocando o empobrecemento de España, de Galicia e malvendendo o tecido produtivo español.

Afirma que o Estado é o que está aplicando a lei do funil a este Concello e fai que os concellos pasen por unhas penurias económicas, por uns listóns que non resolven en absoluto o financiamento destes.

Considera que Fene neste sentido ten unhas pequenas vantaxes, xa que ten poboación, tecido industrial, un millón de metros cadrados de recheos na ría que recorta certos ingresos do estaleiro, é dicir, que ten certos recursos para xerar un 52 ou 53% de recursos propios co que se ten capacidade de soste unha parte importante dos servizos que ofrece o Concello, pero o orzamento que se trae para a súa aprobación plenaria vén castrado por un plan económico e unha normativa e inda máis polo propio Concello que se autointervén e pasa de freadas adiantando amortizacións.

Cre que o Concello de Fene está nunha situación condicionada pola falla de soberanía e capacidade de tomar decisións e por unha herdanza do goberno anterior que condiciona nunhas cousas para ben e noutras para mal, xa que hai que facer fronte a pagamentos neste orzamento que veñen do mandato anterior como os 2.500 euros do concurso de tapas ou os 27.000 do proxecto da rede wifi, pero tamén doutras cousas como o plan económico que provocou o déficit do 0,0477% que está bastante máis lonxe do déficit do Estado que é do 8% e que vén fundamentalmente determinado por solicitar o crédito ICO, crédito que, como xa opinaron, era un crédito moi pouco razoable cun xuro dun 6,5% a pagar en tres anos.

Pide explicación sobre cando se fai a amortización e considera que o capítulo de ingresos está desinflado, xa que, a pesar de ter unha suba da contribución do 6%, figura con 30.000 euros menos que a liquidación do exercicio 2011, polo que pensa que son uns orzamentos ruíns e máxime tendo

presente que se están a facer cando se levan cinco meses do ano, polo que se pode calcular mellor as previsións anuais.

Di que o único que fixo o goberno foi a suba do 3% do lixo e a pesar disto, aparece medio millón de euros en ingresos que veñen dos ingresos do Estado e a suba do IBI, pero cre que, como xa dixo o BNG no debate da suba das ordenanzas, que se podía ser moito máis ambicioso e conseguir ter máis suficiencia financeira e capacidade.

Respecto do capítulo de gastos di que o que se fai é reducir o capítulo de persoal, amortizando prazas e destruíndo emprego público, mentres que se incrementa o capítulo II, o gasto corrente, en 300.000 euros, cando o BNG entendería máis lóxico sacar unha bolsa de emprego en servizos como a recollida de lixo, onde a contratación é factible.

Considera que o orzamento onde realmente se dispara é no capítulo de pagamento de débeda, que prevé o pagamento aos bancos de 740.000 euros, afirmando que Fene non tiña necesidade de apurar tanto eses prazos de pagamento e que hai practicamente 130.000 euros que se podían ter destinado a outras cousas, ou cando menos, destinar integramente o POS para obras.

Prosegue dicindo que o capítulo VI é o máis baixo dende polo menos o ano 2006, ademais de que ten todos os cartos vinculados a obras con financiamento afectado que o Concello ten que aportar aos plans provinciais, polo que respecto de obras e servizos é un orzamento con moi pouca capacidade.

Engade que é un orzamento que segue o camiño marcado no Plan económico e financeiro aprobado a principios de mes e lonxe de ir na liña que o BNG lles indicou de xerar emprego e incrementar partidas en benestar social, fan xusto o contrario porque non invisten en servizos básicos nin hai realmente medidas de gasto produtivo, xa que o único obxectivo son os 740.000 que se lle van pagar á banca.

En canto á formación de emprego e promoción económica di que non hai medidas concretas, só tres cursos, cando Fene foi pioneiro en formación ocupacional.

Pregunta ao equipo de goberno se cren que van atender a máis persoas en dependencia ante o comentario que dixeron de que se duplicaba o servizo e afirma que ningunha máis, xa que o único que figura neste orzamento son os cartos que veñen da subvención da Xunta de Galicia para atender dependentes, dependentes valorados, o que quere dicir que non se vai atender a ningún máis que os que se atenderon o ano pasado.

Di que o BNG, antes de existir a Lei de dependencia, tiña oito traballadoras de axuda no fogar, inda que non eran a xornada completa, xa que pasou a ser así coa entrada en vigor da Lei de dependencia, pero hoxe só hai seis, polo que na realidade estanse a reducir os gastos en Servizos Sociais, ademais de que a Xunta de Galicia este ano por primeira vez ten paralizadas as altas en axuda no fogar e só as dá cando existen baixas, polo que o SAF por libre concorrencia, que era unha vía que teoricamente ía extinguirse con aplicación da Lei, é unha vía que un concello con certa previsión social tiña que ir incrementando e isto non ocorre aquí, non se incrementou nada nin se ve tampouco no plan de cooperación.

Prosegue o concelleiro D. Manuel Polo Gundín dicindo que na Comisión xa dixo que o orzamento ten unha participación social e, polo tanto, o goberno municipal ten a obriga de dicirlles aos veciños en que van gastar os cartos, e dicilo antes, xa que hai sociedades neste Concello que non saben que levan unha subvención nominativa neste orzamento e pregunta para que son os 5.000 euros do CPS de San Valentín.

Anuncia, por responsabilidade, o voto en contra deste orzamento porque é malo para Fene, bo para os bancos e malo para os veciños, desempregados e dependentes.

Di que o concelleiro de facenda falou de crecemento sostible e este orzamento non é sostible, xa que se adica a amortizar cada ano un 20% máis do que necesitamos, e inda que é certo que a débeda bancaria se pon a cero en menos tempo, iso diminúe o crédito para os servizos que se poden prestar, un investimento futuro do que a xente saca un rendemento.

Engade que hai dous provedores que lle dixeron que non lles pagara e non se trata de cantidades menores e pregunta os motivos, así como tamén polo tema da auga de Magalofes, xa que considera que a aportación é escasa, xa que só se manteñen os 45.000 euros que propuxeron eles hai dous anos e unha partida para a merca de terreos.

A continuación fai uso da palabra a concelleira do grupo mixto dona María Carmen Martínez Rodríguez que manifesta que recibiron queixas de moitos veciños que din que este tipo de plenos que son tan importantes debían realizarse pola tarde para facilitar o seu acceso á xente. Prosegue a dicir que semella que a oposición está toda na mesma liña e lamenta que non se teñan debatido os orzamentos con máis calma e que os diferentes grupos puideran facer propostas conxuntas.

Recorda que EU xa votou en contra do plan económico por non estar de acordo co documento presentado e o seu grupo, en relación coa nova da Lei de estabilidade orzamentaria, non se sente responsable porque as cousas se estean facendo ás presas e o ideal sería que logo, de coñecer esta nova, se puidese aprazar o Pleno, xa que a estas alturas do ano dá igual facer o Pleno hoxe ou dentro de dez ou quince días, para estudar as cousas con máis calma.

En relación cos orzamentos di que ten algunha partida que por separado si se podería aprobar e que considera boas para os veciños, pero hai outras como os 6.000 euros que se destinan a emerxencia social que ve insuficientes, cando hai concellos que mesmo están creando partidas para axudar á xente que está en risco de perder a súa vivenda.

Está de acordo en que o tema do gasto corrente aumenta respecto do pasado orzamento e que está ben que se reduza en gastos de luz ou telefonía, pero di que hai outras partidas que tamén se poderían reducir, como a de 20.000 en selos de correos, cando considera que hoxe en día ata un 80% das notificacións que se fan se poderían facer mediante correo electrónico con acuse de recibo, o que sería un grande aforro.

En relación coa débeda bancaria coincide co voceiro do BNG e considera que primeiro son os veciños, que os bancos son os principais culpables da crise actual e que está moi ben poñer a débeda a cero pero sen desatender á cidadanía.

De seguido intervén o concelleiro do grupo do PP D. Juan José Franco Casal que di vai dar resposta ao manifestado polos distintos grupos pero que non vai responder sobre política macroeconómica ou política internacional, pois pensa que este non é o foro.

Dille ao voceiro do grupo socialista en relación ao entusiasmo, que non é tal, pero que considera que son uns orzamentos moi razoables vista a situación actual moi complicada con Concellos que non conseguen pagar, onde é preciso facer estudos económicos financeiros ou Concellos intervidos. Así, en Fene, lonxe de baixar os recursos de Servizos Sociais, auméntanse e vanse facer políticas activas de emprego.

Respecto ao plan económico financeiro di que o fan nun contexto legal determinado, que non é que o queiran facer, que non é un plan de estabilidade senón económico-financieiro adoptado para asegurar que non teñan que tomar ningunha medida con Fene.

Lembra que se pagou aos provedores sen que lles impuxeran esta medida, antes de tempo, e ese plan económico financeiro axusta as partidas para que poida haber unha prestación de servizos; di que é moi doado dicir que os cartos destinados aos bancos se poden utilizar para outras cousas o que cualifica como demagogia, xa que os cartos hai que devolvelos e custan intereses, estándose a pagar concretamente 94.000 euros de xuros, polo que, deixando a amortización adicional, estase a pagar obrigatoriamente por lei medio millón de euros.

En relación co dito de que se trata dunha situación complexa di que é polo que fan estas medidas, que por isto se fai un plan económico financeiro e se pide un préstamo para pagar facturas pendentes e por iso se trae este orzamento, froito dunha responsabilidade.

En relación con que os ingresos son baixos e non razoables, di que se basean nos informes dos servizos de Intervención e nos padróns aprobados e liquidados dos servizos da Deputación Provincial da Coruña, ingresos que non se poden subir arbitrariamente.

En canto ao dito de que Fene ten pouca débeda, di que segundo con quen se comparen, pero que eles prefiren estar máis cerca de non tela, por xestionar ben, que non ter que pagar todos estes cartos de amortizacións e xuros, xa que, segundo o dito, semella que ter un préstamo é moi doado pero non é así, xa que é un custo moi importante e os cartos que se lles dá aos bancos, por unha mala xestión pasada, poderían estar empregados en máis Servizos Sociais.

Respecto do dito de que o orzamento é pouco ambicioso en proxectos e que o goberno vive da herdanza, di que se trata de proxectos que non foron executados no seu momento.

Respecto do dito da preocupación dos veciños, di que lle parece que o orzamento cumpre con eles e que o orzamento non dá para máis.

En relación co PXOM di que claramente non é seu, que o PXOM non foi creado polo goberno pero que dende logo si que o están a impulsar.

En relación co prazo do 1 de novembro para executar os POS, di que lles preocupa que haxa tantos plans pendentes de executar para esta data.

Respecto de que os veciños están a pagar a crise pensa que na parte municipal non o están a facer.

En relación ao plan económico municipal di que lles gustaría non ter que facelo pero que, a diferenza doutros anos nos que se permitiu un desfase na estabilidade orzamentaria, neste ano non se permitía e cando coñeceron este feito foi cando se presentou o plan, poucos días antes de que expirase o prazo para impoñelo.

En relación co optimismo, di que este orzamento rezouma optimismo dentro do realismo.

Respecto do dito de que hai que facer máis polos desfavorecidos e en promoción económica di que lle alegra que se diga isto xa que é xusto por isto polo que aposta o orzamento.

Prosegue dicindo que non ve desfase nos pagamentos do préstamo e pensa que se amortiza o xusto e, respecto das afirmacións feitas polo voceiro do grupo municipal do BNG en relación coa débeda bancaria, afirma que semella que non hai memoria, que á débeda pedida polo BNG aos bancos en oito anos foi de 4.119.667,32 euros, logo en coalición co PSOE se seguiu pedindo máis, chegando case que ao millón de euros, cando o goberno actual só pediu ao banco 391.924,67 euros para o pagamento de facturas pendentes.

En relación co escrito feito polo BNG cara a elaborar o orzamento no que propoñía crear emprego a través dun plan municipal con subapartados en temas de dependencia, en obras de mantemento e mellora urbana, di que o goberno non lle pon o nome de plan municipal pero obviamente, coas medidas que hai neste orzamento, se aposta claramente polo emprego, se aposta polos obradoiros e polos plans de formación, e que o único que non se pode facer, como saben todos, é convocar prazas de oposición porque a lei non o permite; que as obras de mantemento e mellora urbana está á vista de todos que se están a facer todos os días e, respecto do segundo gran punto do escrito, que era incrementar as partidas de benestar, dependencia e emerxencia social, este orzamento duplica as axudas de axuda no fogar.

Prosegue a falar do escrito e di que, en relación co terceiro punto que era un plan de infraestruturas, melloras de beirarrúas, rúas e cunetas e melloras en espazos públicos, o goberno está a facer melloras en rúas e cunetas, prazas; actuación que non só se están a facer a diario senón que se dota orzamentariamente, como a mellora de parques infantís, pendente dunha subvención.

Di que o escrito tamén facía alusión a medidas transversais de aforro e contención de gasto e afirma que el non lembra outras medidas de aforro como as de este orzamento, así respecto do gasto corrente, negociouse con cada empresa que presta servizos ao Concello para axustar prezos.

Considera, polo tanto, que os orzamentos dan ao 80% aproximadamente do solicitado polo BNG. Respecto da data de presentación, di que o goberno quixera telo presentado en decembro, que o tentaron, pero o certo é que este ano houbo moitas novidades e non foi posible traelos antes, pero aínda así é histórico presentar os orzamentos municipais antes cos orzamentos do Estado.

En canto ao cadro de amortización di que se respecta ao 100% e que se fai unha amortización adicional xusto porque é o préstamo co tipo de xuro máis alto, do 6,5 % e respecto do déficit cualificado coma ridículo, afirma que o goberno prefire non ter ese déficit e non ter que pagarlle aos bancos eses 600.000 euros, e así poder gastar os cartos noutras cousas.

En canto ao comentado respecto dos ingresos e o caso do IVTM, di que o goberno o que fixo foi obter a liquidación da Deputación Provincial, depurar o padrón e obter os ingresos, polo que é imposible que saian inflados; en canto ao ICIO, hai que ter en conta tamén as devolucións de persoas que xa non van facer as obras solicitadas, o que require facer axustes.

Respecto das taxas e que só se subira o lixo, afirma que o goberno municipal está orgulloso de que só se subise esta taxa, que igual o BNG quixera subir todas as taxas, pero eles non.

En relación coa alusión feita de que o goberno reduce postos de traballo dille ao voceiro do BNG que non se reduciu nada, que se trataba de postos sen cubrir, que non hai cinco persoas que se vaian a rúa e dille que se pode que cite a algunha destas persoas.

En canto ao dito de que o pagamento da débeda se faga para outras cousas di que non é posible, que a lei obriga a que se hai algunha partida que teña sobrantes, estes se adiquen á débeda.

Considera que non é certo que o capítulo 6 teña pouca capacidade, tendo en conta que hai sen executar máis de 2,5 millóns de euros e que se incrementa en medio millón de euros.

Respecto do dito de que non se fai nada en benestar ou en emprego, di que estas partidas se incrementan respecto do anterior orzamento, que non se pode crear emprego directo porque non lles deixa a lei e, en promoción económica, dille ao voceiro do BNG, que xa lle explicou que cos cartos que Deputación lle vai dar ao Concello por este concepto, que aínda que non se inclúen nos orzamentos, vanse facer cousas que inciden directamente na creación de emprego.

En relación cos cursos feitos no pasado, di que efectivamente se fixeron inda que tiñan as aulas sen homologar, cousa que se está a facer agora para poder optar aos novos cursos.

En relación coa axuda no fogar dille ao voceiro do BNG que ao mellor lle molesta que un goberno do PP duplique esta partida e dille que a pregunta do número de usuarios que se van ampliar é algo que non pode dicir pero que non vai ser ningunha como se dixo.

En canto ás alusións ás subvencións das sociedades e concretamente do CPS, di que non cre que esta sociedade non coñeza a súa subvención nominativa, xa que sempre se fixo así, e que a subvención que vai recibir é pola organización do Fene Rock, xa que este grupo non dispón de CIF. Di que se algo se pode dicir deste orzamento é que foi feito con responsabilidade e non con demagogia e que o crecemento sostible cítase na Memoria da Alcaldía dúas veces, ao principio e ao final, xa que é algo polo que o goberno se sente orgulloso, xa que se aposta claramente por asegurar os servizos básicos do Concello.

En relación aos provedores que non cobraron, pídelle ao voceiro do BNG que lle pase unha relación dos que non cobraron, que os únicos que non chegaron a cobrar son aqueles que teñen irregularidades non subsanadas, isto é, só se deixou de pagar aquelas facturas que presentaban uns reparos que facían ilegal o seu pagamento.

En relación coa intervención da voceira do grupo mixto di que a tradición é facer os Plenos extraordinarios polas mañás, que na Comisión anunciou que ía ser pola mañá e ninguén discrepou. En canto á solicitude de máis calma no debate sobre os orzamentos, di que se agardou ata o último momento para non ter que facer o plan económico financeiro para ver se chegaba a autorización de poder ter un desfase de estabilidade orzamentaria e cando se veu que non era posible, os prazos se botaban enriba, pero que, en todo caso, el nunca lle negou unha reunión a ningún partido.

Engade que non hai ningunha partida de 6.000 euros para emerxencia social, senón que se adican máis de 39.000 euros e que eses 6.000 euros son dunha partida que se crea xusto por se fixera falla, algo que se fai por primeira vez.

Nega que haxa partidas de gasto corrente que suban, que o que si se fai por primeira vez neste Concello e pór os gastos reais que se fan, cousa da que non se tiña nova ata o de agora, xa que non había ningunha partida en ningunha área dos orzamentos dos gobernos de todo color en que se

respectase a partida, xa que era algo simbólico, e pon como exemplo o Verán máis alá no que se gastaba máis da partida que tiña, polo que afirma que por primeira vez o orzamento se axusta á realidade, motivo polo que parece que se gasta máis cando en realidade se gasta menos.

En relación coa partida dos selos de correos di que a partida é realmente de 19.000 euros, que ao goberno tamén lle semella unha partida grande, pero que son os gastos que se fixeron sempre e que eles trataron de reducila pero non é doado pero que se comprometen en facer todo o posible para que esta partida diminúa.

De seguido intervén o concelleiro do grupo socialista, don Antón Lois Noceda Carballo, quen lle di de ao concelleiro D. Juan José Franco Casal que debe comezar a falar en positivo, que este pobo o necesita, que a débeda bancaria de Fene está nuns límites máis que razoables e só pagando o que se está obrigado a pagar, que son uns 500.000 euros ao ano, líquídase en practicamente catro anos. Considera, por tanto, que a economía municipal está saneada e cre que hai que seguir facendo todo o posible para optimizar o gasto pero non recortar, xa que optimizar é gastar mellor e facer máis eficiente os cartos e non recortar.

Analiza a evolución da partida de gastos financeiros dos últimos anos, na que se inclúen entre outros os gastos dos intereses, e di que no ano 1999 eran de 137.000 euros, no ano 2006 de 99.300 euros, no 2007 de 144.050 euros, no 2008 de 172.450 euros, no 2011 de 74.000 euros, polo que conclúe, á vista destes datos, que o que o concello paga en intereses está nos parámetros dos 10 ou 15 últimos anos, polo que, non habendo nada de extraordinario, non se pode xustificar ningunha medida adicional.

Engade que o concelleiro de facenda dixo que algúns dos voceiros desta Corporación facían demagogia e roga que utilice os datos para o que dan de si e non para o que queira xustificar e pensa que ten un problema, posiblemente pola súa falla de responsabilidade, xa que cada vez que o seu goberno en Madrid di que hai que facer un sacrificio pola patria, el o duplica, e inda que está convencido que o fai por ben e que pensa que así se vai saír antes disto, dille que non é así, que está equivocado na súa percepción, que para saír disto co de Madrid xa é dabondo.

En relación cos ingresos cualificados como ruíns, coincide co voceiro do grupo municipal do BNG cando di que pode haber sete ou máis exemplos de conceptos que están orzamentados á baixa e que descoñece os informes dos que falou o concelleiro de Facenda e, se os ensinara, ao mellor podería deixar de pensar que son ruíns, pero mentres tanto segue pensando que están á baixa.

En canto aos créditos que se piden, di que hai que ser responsables, que haberá que analizar a lexislatura e haberá que ver para que se piden créditos, algúns xustificados como o pedido para a depuradora da ría, un investimento imprescindible e esencial, no que pensaba que coincidían todos os grupos da Corporación, ou o pedido para a financiación dos POS, pedido polo PSOE e que agora o está executando o PP.

Engade que finalmente se pediu o crédito do ICO, por parte do goberno actual co apoio do PSOE, xa que consideraron que había que facer un esforzo para pagar aos provedores canto antes, pero, en todo caso, coa idea de ir pagando pouco a pouco, non coa idea de que nunha anualidade se pagasen dúas, xa que pensaban que se podía ir pagando o crédito e que aos veciños se lle puideran prestar servizos.

En relación co plan económico financeiro, di que se o debate orzamentario se producira antes non faría falla ningún plan financeiro.

Remata anunciando que a posición do seu grupo será a de non obstaculizar a aprobación do orzamento, o cal tampouco poden apoiar porque non coinciden co elaborado e dille ao equipo de goberno que observe que 11 de 17 concelleiros pensan que non hai que adiantar pagamentos de débedas, que prefiren que eses gastos se invistan noutras cousas máis necesarias.

Recoñece que a partida de promoción económica é lixeiramente superior á do ano pasado, pero cre non se pode dicir que haxa medidas novas, senó que son as que se viñeron facendo tradicionalmente no Concello e cre que nestes momentos, dende esa área é preciso adoptar medidas novas que poidan estimular o crecemento económico, que poidan favorecer a promoción do emprego e coa situación actual hai que innovar.

Respecto a Servizos Sociais dille ao concelleiro de Facenda que ao final os seus números non son moi diferentes dos ditos polo voceiro do BNG, que os únicos incrementos que se producen veñen do financiamento externo, que se se fala do financiamento municipal os números son practicamente os ditos polo voceiro do BNG, polo que pensa que non vai haber un esforzo a maiores no Departamento de Servizos Sociais e que hai que redefinir os Servizos Sociais para a situación que se está a vivir.

Remata dicindo que o seu grupo non quere obstaculizar e ser a desculpa de ninguén para que diga que hai obras que non se poden facer antes de novembro polo que anuncia a súa abstención.

Seguidamente fai uso da palabra o concelleiro do BNG, D. Manuel Polo Gundín, que manifesta que comprobaron, segundo a intervención do concelleiro de Facenda que este é da escola de Rajoy, que vive noutro mundo, que un día di unha cousa e outra distinta ao seguinte día e que ten a valentía de pór na súa boca cousas contrarias ao dito, xa que lle preguntou canta xente se despedira cando o que lle dixo na súa intervención é que se destruíra emprego, que desaparecen cinco prazas, de forma que unha non se crea e outras que estaban creadas no orzamento do ano 2008 desaparecen, así como tamén hai outros 3 postos de traballo que desaparecen por xubilación e por outras cuestións. Polo tanto, hai unha amortización de prazas e a partida de persoal se reduce.

Di que cos cartos que o equipo de goberno destina a pagar débeda, o BNG contrataría a uns peóns para o servizo de recollida de lixo e así non se mantería unha situación que de facto é absolutamente irregular como é unha cesión irregular de traballadores sostida no tempo.

En relación cos gastos correntes e servizos, o incremento é en máis de 300.000, inda que o concelleiro de facenda diga que se aforra, ademais de que considera que se dispararon determinados servizos grazas á política de privatización.

Alégrase moito de que o concelleiro de facenda lera o documento do BNG coas propostas para o orzamento pero cre que foi unha mágoa que, dende o 23 de novembro en que foi presentado ata o luns pasado na Comisión, só tiveran unha reunión uns días antes para falar do orzamento.

Di que é falso que se duplicara a partida en dependencia, xa que se duplica matematicamente, pero provén dun gasto que se executou no ano 2011, o que se pode ver na liquidación do orzamento, derivado de que se dotou o servizo de 4 traballadores do Plan de Cooperación durante 6 meses e cuxo custo municipal non estaba dotado orzamentariamente.

Prosegue dicindo que a atención da dependencia non aumenta, senón que diminúe como xa explicou, porque diminúe a parte municipal, xa que desaparecen dúas traballadoras contratadas temporais máis a xente do Plan de Cooperación do ano pasado.

Cando o BNG falaba de crear emprego en mantemento, di que se referían a facer plans, que a diferenza entre planificar e improvisar é que un vai con orde e criterio, sabe cantos cartos vai gastar e sabe por onde se comeza e por onde se remata, que non dubida que a Concellería de Servizos, coma as demais concellerías, actúe de boa fe, atenda aos veciños e trate de solucionar o máximo posible, pero que o que dicían naquel documento era facer unha planificación disto, que primeiro houbo un control do gasto para que logo non houbo sorpresas. Así pedían uns plans que puideran ser complementarios aos plans de obras, para evitar amañar un camiño que logo se pavimentase ao pouco tempo, como a subida de Lubián, que non se asfaltou hai tanto e estaba incluído no saneamento dun plan provincial.

En relación coas medidas transversais que propoñía o BNG, di que o goberno dixo que aplicaron medidas de aforro pero estas deben ser explicadas e planificadas.

En canto á Memoria da Alcaldía pensa que os compromisos quedarán no ar como quedaron máis da metade da anterior.

En relación coa débeda pregunta que empresa deste país non estaría aplaudindo a idea de ter un crédito de 2 millóns de euros cun custe financeiro de 94.000 euros, custe que é como o alemán, país no que as empresas privadas pagan os xuros a un 2%, estando hoxe o euribor a un 2,3%.

Dille ao concelleiro de Facenda que comete o erro de confundir o endebedamento financeiro co déficit, que o dramático sería ter que pagar facturas, nóminas ou gasto corrente con cargo a un crédito, que a cuestión fundamental é o que lle preocupa á xente non é o déficit 0, senón non ter

traballo; polo que, habendo en Fene un 25% de paro, crear 5, 6 ou 7 postos de traballo, inda que non resolven o problema, axudarían moito á xente á que se contrate, máis que o pagamento da débeda para o que xa se están facendo medidas extraordinarias e non se precisan facer máis das que se impoñen, sendo unha irresponsabilidade ao seu parecer adiantar máis cartos dos debidos.

Pensa que cos 124.000 euros destinados a débeda se poderían facer moitas cousas, como mercar uns terreos en Magalofes para un depósito de augas, xa que nestes tempos habería moita xente que vendería os terreos sen ter que ir á expropiación e tamén se poderían ir abrindo rúas na zona urbana, visto que neste momento de crise as únicas entidades que poden promover algo son os Concellos á vista de que ningún promotor privado se vai adicar a abrir nada por mor da falla de liquidez, de crédito ou de actividade económica.

Segue a dicir o concelleiro Manuel Polo Gundín en relación ao crédito ICO e o plan económico que o propio concelleiro de Facenda recoñece que foron vítimas da improvisación do goberno do Partido Popular, que primeiro se pediu o crédito e logo resulta que non se podía ter déficit, que o plan económico financeiro se aprobou o outro día e agora se dá outra prórroga, quere isto dicir que o Partido Popular está tomando medidas á desesperada, improvisando e afirma que é o Estado español o que ten un problema gravísimo de déficit, pero non a economía local de Fene que é quen de manter os seus ingresos.

Remata a súa intervención anunciando o voto en contra do BNG orzamentos porque con este orzamento non se crea emprego e non se mellora absolutamente nada, xa que 6.000 euros de bolsa en Servizos Sociais cando se mantén inalterada a partida de 39.000 euros de emerxencia social, non é mellora para os datos de necesidades sociais das que eles teñen coñecemento.

A continuación fai uso da palabra a voceira do grupo mixto municipal dona María Carmen Martínez Rodríguez que manifesta, en relación coa celebración dos Plenos extraordinarios polas mañás, que ve ben manter algo se funciona, pero se se pode mellorar, hai que cambialo.

En relación coa partida de emerxencia social di que é certo que se confundiu no importe que é duns 39.000 euros, que se refería a esa partida adicional de 6.000 euros que se deixa para as cousas que poidan aparecer e que a considera insuficiente á vista do maior desemprego que se vai xerar nos vindeiros meses.

En relación coa débeda bancaria, di que cando 11 de 17 concelleiros opinan o mesmo ao mellor hai que sentarse con máis calma e escoitar o que os demais teñen que aportar e pensa que eses cartos se poden investir en crear emprego, xa que para afogar á xente xa chegan os recortes que fai cada día Mariano Rajoy e o seu goberno.

Bota en falla algo que EU leva dicindo dende que entrou na Corporación que é que falla información e pregunta por que non se lles convoca e se lles informa das propostas de aforro das empresas subministradoras; considera que sempre coñecen estes feitos no último momento ou polos medios de comunicación e así non se pode traballar.

Engade que lle sorprenden algúns gastos elevados como o da oficina de turismo por un importe de case 10.000 euros durante dous meses e medio.

En relación co pagamento a provedores, díxose que sería ilegal o pagamento de facturas que non se pagaron, polo que quere saber en que contexto sería ilegal, xa que entende que se un provedor fai o seu traballo e entrega a factura, isto debería ser suficiente para pagarlle.

Anuncia o voto en contra porque o seu compromiso cos veciños así llo esixe, xa que entende que non están feitos nin en forma nin en prazo.

De seguido intervén o concelleiro do grupo do PP D. Juan José Franco Casal que di que quere aclarar algunha alusión, respecto de que os ingresos o son á baixa, di que si se recada máis se fará unha modificación orzamentaria e que, polo tanto, non haberá tanto problema.

Con respecto aos créditos da depuradora ou dos POS non quixo dicir que non estiveran de acordo con eles e manifesta que non quere entrar nesas polémicas, que no seu día xa manifestaron o seu acordo.

En relación coa intervención do BNG, di que as posturas son moi distantes e cre que as partidas orzamentarias hai que axustalas á realidade ao máximo.

Respecto do gasto corrente, di que a suba máis importante que se fai provén dos pagamentos a provedores que estaban pendentes e nega a improvisación.

En canto ao gasto aludido pola voceira do grupo mixto municipal, di que a oficina de turismo foi un pagamento que se fixo con fondos da Deputación, xa que non había fondos propios, e que este ano se vai baixar notablemente.

Finaliza comprometéndose a facilitar aínda máis a información e salienta que a concelleira do grupo mixto se abstivo en Comisión e que agora vai votar en contra e agradece a altura de miras do grupo municipal socialista pola súa abstención e ao resto lles di que as bondades que ten o orzamento, que cree que son moitas, serán de todos e para todo o Concello de Fene.

Sometido o asunto a votación foi aprobado co voto de calidade favorable da alcaldía, unha vez obtidos 6 votos a favor do grupo do PP, 4 abstencións do grupo socialista e 6 votos en contra, 5 do grupo do BNG e 1 do grupo mixto.

Á vista do resultado da votación, o pleno acorda:

Primeiro: Aprobar inicialmente o Orzamento Xeral da Corporación do exercicio 2012 que ascende a un importe de 9.844.058,20 € no Estado de Ingresos e de Gastos segundo o seguinte detalle:

GASTOS	(€)	INGRESOS	(€)
Cap. 1.- Gastos de personal	4278346,68	Cap. 1.- Impostos directos	3718900
Cap.2.- Gastos en besn correntes e servizos	3858133,53	Cap. 2.- Impostos indirectos	55000
Cap. 3.- Gastos financeiros	111500	Cap.3.- Tasas e outros ingresos	2108004,00
Cap. 4.- Transferencias correntes	378156,65	Cap. 4.- Transferencias correntes	3656738,56
		Cap.5.- Ingresos patrimoniales	49632,23
Cap.6.- Inxestimentos reais	537342,26	Cap.6.- Enaxenación de inxestimentos reais	0
Cap.7.- Transferencias de capital	0	Cap.7.- Transferencias de capital	205783,41
Cap. 8.- Activos financeiros	50000	Cap.8.- Activos financeiros	50000
Cap. 9.- Pasivos financeiros	630579,08	Cap. 9.- Pasivos financeiros	0
TOTAL	9844058,2	TOTAL	9844058,2

Segundo.- Dispoñer que as modificacións de crédito nº 1/2012; 2/2012; 3/2012; 4/2012; 5/2012; 6/2012 e 7/2012 na modalidade de transferencias de créditos e modificación nº 3/2012 na modalidade de suplemento de crédito realizadas sobre o orzamento prorrogado

se consideren incluídas nos créditos iniciais do orzamento que se somete a aprobación, e elo debido a que ditas modificacións xa foron tidas en conta á hora de elaborar o presente orzamento , todo elo en aplicación do disposto no art. 21.6 do RD 500/90.

Terceiro.- Expoñer ó público por un período de quince días mediante previo anuncio inserto no boletín oficial da provincia. O expediente considerarase definitivamente aprobado se durante o citado prazo non se houberan presentado reclamacións.

Cuarto.- Aprobar inicialmente a plantilla que consta como documento incorporado ó orzamento, acordar a súa publicación mediante anuncio inserto no Boletín Oficial da Provincia así como no taboleiro de Edictos da Corporación e unha vez aprobada definitivamente, remitir copia á Administración Xeral do Estado e da Comunidade Autónoma.

Non habendo máis asuntos a tratar a presidencia declara rematado o acto sendo as 12:17 horas, de todo o que como secretaria dou fe.

O alcalde

A secretaria

Gumersindo Pedro Galego Feal

Estefanía Manteiga Lamas